

CONCELLO DE AGOLADA
Rexistro de ENTRADA
N.º 2023-E-126-559
Fecha 16/03/2023

MPN/vge

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

A Presidencia, no uso das facultades que lle confire a normativa vixente, dita a seguinte RESOLUCIÓN:

Vista a proposta de resolución da xefa do servizo de Cooperación que é do seguinte teor literal,

"SERVIZO DE COOPERACIÓN

PLAN CONCELLOS 2023 - PROGRAMA DESTINADO Á AMORTIZACIÓN DE DÉBEDAS CON ENTIDADES FINANCEIRAS, ACREDORES DE GASTO CORRENTE E INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO DE GASTO CORRENTE DERIVADO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS E/OU DERIVADO DA REALIZACIÓN DE ACTOS CULTURAIIS, DEPORTIVOS, SOCIAIS, ETC

NÚMERO DE EXPEDIENTE : 2023004355

DENOMINACIÓN DA ACTUACIÓN: "GASTO CORRENTE NOVO ELECTRICIDADE"

BENEFICARIO: Concello de AGOLADA

ASUNTO: Concesión de subvención; compromiso de gasto que importa 50.212,46 euros

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 28 de outubro de 2022, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2), que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 208 do 31 de outubro de 2022. As axudas reguladas nas bases poderán ser solicitadas polos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida ao censo do exercicio 2021.
- Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.
- Este Plan de carácter anual aprobado baixo o procedemento de concorrencia non competitiva, está dotado para o programa de activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (liña 3) con 9.500.000,00 euros con cargo a partida 23/942.9425.462.03 e para a liña 2, na que se engloba a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou da realización de actos culturais, deportivos, sociais etc., 3.000.000,00 euros que serán con cargo ás partidas 23/942.9425.762.46, 23/942.9425.462.45 e 23/942.9425.462.00 dependendo de cal sexa a tipoloxía do gasto. Ademais, dótanse as aplicacións 23/942.9425.462.45 e 23/942.9425.462.00 con



1.000.000,00 de euros adicionais que se repartirán exclusivamente entre os concellos que non superen os 20.000 habitantes.

- Mediante Resolución Presidencial aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial. No caso de non terse producido o pagamento das débedas correspondente, a Deputación de oficio procedera a detraer o importe da débeda do crédito do 2023.
- De acordo coa base reguladora 1ª do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2), a Liña 2 está destinada a amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc.
- Ante a repercusión que está tendo a incerteza ocasionada pola guerra de Ucraína nas tesourerías municipais, as bases contemplan a posibilidade que de os concellos que o desexen destinen ata o 30% da cantidade asignada na liña 1 (investimentos) para o 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc. (liña 2)
- En data 18/01/2023, con rexistro núm.WEB2023002839, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do programa destinado á amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais e/ou derivado da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc (liña 2), petición do Concello de Agolada na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 50.212,46 euros, con destino ao financiamento de "Gasto corrente novo electricidade" (Expte.:2023004355), cun orzamento polo mesmo importe, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2023	50.212,46 €	50.212,46 €	0,00 €

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos e achega a documentación requirida.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)



- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases Reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base Reguladora 13ª das bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2) relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

Petición e evacuación de informes

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.



- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Disposicións específicas do programa destinado á amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais e/ou derivado da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc (líña 2) 2023, nas que se recolle o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables, así como o prazo e lugar de presentación de solicitudes.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que, na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.
- Base Reguladora 13ª das bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Líña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (líña 2), que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

CONCLUSIONES

A solicitude do Concello de Agolada relativa ao financiamento da actuación "*Gasto corrente novo electricidade*" (Expte.:2023004355) foi presentada dentro do prazo recollido nas disposicións específicas do programa destinado á amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais e/ou derivado da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc (líña 2) 2023, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 50.212,46 euros, cun orzamento polo mesmo importe.

Visto que o obxecto da actuación adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na base 1ª das disposicións específicas do programa destinado a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais/ou derivado da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc, (líña 2).

Por todo o exposto e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito aplicables, **INFORMO FAVORABLEMENTE** o expediente do Concello de Agolada e **PROPOÑO** que lle sexa concedida unha subvención por importe de 50.212,46 euros con destino ao financiamento da actuación "*Gasto corrente novo electricidade*" (Expte.:2023004355), cun orzamento polo mesmo importe.



A concesión da subvención realizarase contra a aplicación 23/942.9425.462.45 do orzamento provincial.

REXIME COMPETENCIAL

En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 33 a 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, nos artigos 61 e 63 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, correspóndelle á Presidencia a competencia para a concesión desta subvención.

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

En consecuencia tendo en conta o exposto e visto o informe da Intervención provincial, de data 14/03/2023, elévase á Presidencia a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

- CONCEDER ao Concello de Agolada, CIF:P3602000F, a cantidade de 50.212,46 euros, para a realización da actuación "Gasto corrente novo electricidade" (Expte.:2023004355), cun orzamento polo mesmo importe.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.462.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2) , aprobadas por acordo núm.5.7876 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 28/10/2022 e publicadas no BOPPO núm. 208 de 31/10/2022 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base 6ª do capítulo III das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2024. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado da presente resolución ao Concello de Agolada, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

A xefa do servizo de Cooperación

Marina Piñeiro Novo"

Vista a precedente proposta de resolución, RESOLVO, de conformidade coa mesma.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó desta notificación (arts. 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ou ben, directamente o recurso contencioso-



Firmado por: ***4500** MARIA CARMEN SILVA (R: ***0000*)
Cargo: Presidnta
Data: 15/03/2023 15:50

administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, no prazo establecido no artigo 46 da citada Lei).

Todo isto sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime pertinente.

(documento asinado electrónicamente ao marxe)

Firmado por: MARINA PIÑEIRO NOVO - ***3058**
Cargo: Xefa do Servizo de Cooperación cos Municipios
Data: 15/03/2023 08:47

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0894**
Cargo: Secretario
Data: 15/03/2023 17:33
Número Resolución RP2023002133

